

A FONTIÑA DAS LAXES

Elisa Pérez*

A Fontiña das Laxes é un exemplo de como ese eucaliptal que temos ao lado da casa, de escaso valor e fonte de riscos diversos como os incendios, pode ser transformado nun souto para o seu aproveitamento integral por toda a familia: leña, madeira, castañas, cogomelos, paxaros, sombra, xardín... Relátanolo Elisa Pérez, promotora desta transformación.

En 1998, após varias tentativas de comprar unha casa vella de pedra para rehabilitar, ofreceron-nos en Sargadelo un monte, un terreo arborado con eucaliptos e piñeiros maiormente, con unha extensión de 10 ferrados (7500m²), unha inclinación media do 30%, afloracións de masas graníticas, unha boa orientación SO e cuberto de toxos que atinxian mais do metro e medio. A primeira fase foi de limpeza da broza e tala dos eucaliptos (en tres anos desapareceron os brotes). Tivemos combustíbel durante varios anos. Quedaron os piñeiros (uns 100 pés) carballos (3) e bidueiros (2). A seguinte fase consistiu en manter a limpeza, recuperar o manancial e fazer plantio. Nos documentos aparecía nomeado como "a fontiña dasLaxes" e grazas as/aos maiores do lugar soubemos que houbera unha fonte, a súa localización estaba marcada polos bidueiros, e que en tempos da súa memoria fora terreo de cultivo, acabando convertido en eucaliptal. Fixemos unha repoboación con caducifólias, castiñeiros híbridos micorrizados, amieiros, freixos, carballos, acivros, esvedros, escornabois, algunha froiteira, ameixeiras, cerdeiras, e na zona alta, no lado norte, coníferas. Os temporais como o Klaus e o Xintia foron arrincando os piñeiros.... até o vento se aliou. Co paso do tempo o terreo foise reverdecendo, á distancia apreciase o contraste desa superficie onde os eucaliptos e os toxos deixaron sitio a unha variedade espontánea que espertou do chao. Os terreos colindantes seguen explotados como eucaliptais, e agora si observamos a diferenza na cobertura do chao, e como o ciclo das estación vai cambiando esa superficie. Pasaron os anos e o cambio é muito grande, sendo o mais impresionante a capacidade de recuperación das especies. Na zona do manancial xurdiu unha masa de bidueiras, salgueiros e carballos de xeración espontánea que, xunto co souto, son as zonas mais frondosas do terreo. Cando os castiñeiros están en flor, aos maiores do lugar traen-lles sensacións prazenteiras lembrando o aroma, que dín há tempo que non lles chegaba..., ollan para o monte e din, "debe vir do teu". Tamén incidimos no arranxo dos camiños, ampliando-se e mellorando o firme, ao que acederon tod@s as colindantes. Compartimos territorio co teixo, co porco bravo, cos corzos, co esquío, coa raposa e a curuxa, coas pequenas águas, e estamos agardando polo cuco e as andoriñas. Após anos de compromiso ecoloxista, no noso caso a través de ADEGA, sentimos a satisfacción de ter posto na práctica toda a teoría, aprendendo a valorar o que nos rodea e alimenta, unha pequena achega, mais na nosa medida, aquel pedazo de terra, intransitábel, agora é a nosa morada, o lugar onde a vida é posíbel e apacíbel, temos água, horta, casa con criterios de bioconstrución, xeramos a enerxía que consumimos, e cada solpor é irrepitíbel....



Catro desbroces ao ano manteñen o monte a salvo do lume.



Tamén é a nosa zona de lecer.



Os castiñeiros teñen 14 anos, dan boa colleita de castaña e cogomelos.